



ACTA Nº 2020/21

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 18 de decembro de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBEN VILLAR AGULLEIRO
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
	JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
	ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
	ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
	MARÍA VICTORIA AREAS POSE
	RAMÓN VIGO SAMBADE
	PILAR IGLESIAS LEMA
	MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
	SERXIO DOMINGUEZ LOURO
	CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
	JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
	INTERVENTORA: ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión celebrada o 5 de novembro de 2020.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

II. **Borrador da sesión celebrada o 27 de novembro de 2020**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

2. **Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Convenio para a asunción pola**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 14 de decembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: *Aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.*

EXPEDIENTE Nº 2020/A005/000003.

Visto o Convenio tipo que obra no expediente e que ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Cee na Administración xeral da CCAA de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

Considerando o informe xurídico emitido pola Secretaría Municipal favorable a súa aprobación.

*En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- *Aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.*

SEGUNDO.- *Dar traslado do presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública para posteriormente proceder a sinatura do referido Convenio.*

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sómétese á votación a Proposta e resulta ditaminada desfavorablemente no seguinte sentido: 4 votos en contra dos grupos municipais PP e IXCee, 2 votos a favor do grupo municipal PSOE e 2 abstencións dos grupos municipais BNG e Grupo Mixto.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela."



INTERVENCIÓNS

Sra Alcaldesa di que xa se explicou na comisión, reiterar a necesidade de la contratación temporal de un auxiliar de la policía local, en estes momentos tenemos cuatro policías locales, dos de baja, uno para un periodo largo y el otro no sabemos cuanto tiempo, es un convenio que no tiene porque ser indefinido, se puede resolver con la comunicación previa de un mes de antelación dada la necesidad urgente de una contratación eventual y extraordinaria es el motivo de la subscripción de este convenio comprometiéndose el equipo de gobierno que cuando desaparezca esa causa excepcional se comunicará con un mes de antelación para resolver el convenio.

Sr Domínguez García: como se falou na comisión xa viñera nun pleno no verán xa o rechazamos porque non nos parecía ben ceder competencias a xunta, agora o outro día xa lle dixen que o ía a consultar e o fixen, o traelo de segunda volta entendin que chegara a acordo con algún grupo político para que saíra adiante, como lle dixen na comisión consulteino con Jorge Atán que é o subdirector de interior na xunta, me di que temos as mesmas competencias que antes, que dende o concello se poden contratar auxiliares de policia local pero hai que facer unhas bases, unha convocatoria que teñen que dar o visto bo e se pode contratar perfectamente un ou dous que sexan necesarios, me explicou que si Vde mo explicara así igual votaba a favor, me explicou as ventaxas e casi me convencia pero ese é o traballo que tiña que facer Vde o outro día, non é necesario cubrir unha praza das vacantes, si o fai é porque quer Vde, se poden facer unhas bases e contratar os auxiliares que sexan necesarios.

Sra alcaldesa: es una contratación temporal para la cobertura de unas bajas temporal, la opción sería una bolsa de empleo pero lo consulte con la secretaria del concello y no es posible por bolsa de empleo resolver este tema por los cursos que tienen que tener, la única opción y el motivo de traerlo de nuevo es que con anterioridad nos encontrábamos que teníamos a un policía de baja, por las circunstancias del covid nos permitió a través de la academia contratar un auxiliar por el covid y estado de alarma y fue el periodo máximo de 6 meses, nuestra situación continúa igual, empeoró porque tengo a dos de baja y solo quiero una contratación temporal para cubrir estos períodos de ahí el convenio y me comprometo, la alcaldesa y equipo de gobierno que cuando se termine esta situación lo traigo de nuevo para resolver.

Sr Vigo: hai uns meses rexeitamos a mesma proposta, recibamos pola súa parte unha resposta similar a que está Vde amosando que había unha necesidade e imposibilidade de contratar un auxiliar que despois se pudo contratar, ben é verdade que Vde decía que era polo Covid que tampouco desapareceron nestes intres pero en calquera caso, está claro que fixo o imposible ou posible, non poño en dúbida que volva a facer esa capacidade e poder contratar auxiliares da policía local nestas situacións adversas, non por capricho senon porque nos pide que cedamos competencias municipais a xunta de galicia que son nosas e son as poucas que xa nos quedan, porque o final asumimos cargas de competencias doutras administracións e non resolver as nosas e polo tanto nos non estamos dispostos a estar mesa tesitura, non entendemos esa necesidade, non entendemos cal é o leit motiv de que se faga e non queremos tampouco entender que hai algún interese escuro nesta historia porque que se repita no tempo e que ninguen o vexa con claridade canto menos é estraño a nosa posición vai seguir sendo contraria.

Sra alcaldesa: aclaro que el voto en contra, simplemente matizar que nos quedamos con cuatro policías locales y es evidente que no es posible cubrir todas las guardias con cuatro se tendrá que reducir la prestación del servicio porque tendrán un horario y ajustarse legalmente a su horario y las guardia que puedan tener, no se pueden cubrir todas con cuatro, de ahí la necesidad y urgencia de poder contratar, respeto a las competencias para una vez que nos dan la posibilidad de la academia de hacer esta contratación de forma eventual y rápida que menos que hacer uso, para mi es beneficioso para los intereses del concello esta contratación temporal.



Sr Domínguez Louro: nos como se ven falando xa este tema no mes de maio veu o pleno a nosa postura é a mesma non estamos pola contratación de mais policía local deben amortizarse as dúas vacantes, é necesario reorganizar as gardas e o traballo, evidentemente terán que facelo doutra maneira e haberá que ver as súas funcións e cales non, en calquera caso desexarille a pronta recuperación os dous que están de baixa, creo que en breve podíase recuperar unha das dúas, volvemos a decir que cando teñamos cubertas outras prazas mais urxentes como tractorista cando temos o tractor parado ou unha cuadrilla de obras, que sería mais barato que contratar a empresas externas, cando estean cubertas esas necesidades non teremos ningún problema, comparando con concellos da contorna que non hai tanta policía local coma nosa, non podemos aprobar esta proposta como tampouco o fixemos en maio, para nos non é unha cuestión persoal contra ningún dos policías locais, que fan o seu labor e son profesionais pero é cuestión de prioridades, e agora mesmo non é o que mais xente necesita este corpo hai carencias mais grandes no Concello.

Sra alcaldesa: a praza de tractorista como Vde sabe foi amortizada no seu día, habería que incluíala novamente na RPT, lo que si puedo adelantar que a través de la Diputación van a salir en enero el proceso para selección de nueva cuadrilla que creo dos oficiales y resto peones y estoy mirando con Juan Carlos la posibilidad de poder contratar un tractorista para acometer los trabajos de limpieza y ahorrar en materia de limpieza viaria, simplemente era para matizar que va haber a partir de febrero una nueva cuadrilla con independencia de que en verano sacarán nuevamente otra cuadrilla.

Sr Hermida: eu quería reiterar que estou de acordo en non ceder competencias pero tamén estou de acordo que como Vde di que é temporalmente, estou a favor de que si hai que suplir esas prazas cun auxiliar temporalmente haberá que suplir.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e non resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	-	-	1
CONTRA	-	3	3	2	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM

- 3. Proposta Alcaldía relativo ao Alzamento da medida cautelar de suspensión da execución do aval bancario, acordada na sesión plenaria de data 30 de setembro de 2020, polo importe de 153.402,33 euros. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día luns 14 de decembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta Alcaldía relativo ao Alzamento da medida cautelar de suspensión da execución do aval bancario, acordada na sesión plenaria de data 30 de setembro de 2020, polo importe de 153.402,33 euros. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123



Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA.

ASUNTO: Alzamento da medida cautelar de suspensión da execución do aval bancario, acordada na sesión plenaria de data 30 de setembro de 2020, polo importe de 153.402,33 euros

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

Considerando que por Acordo Plenario de data 29 de setembro de 2020, se adoptou, o seguinte ACORDO:

“**PRIMEIRO.** *Iniciar procedemento para a revisión de oficio do acto: Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en representación do mesmo, por considerar que se atopa incurso nas seguintes causas de nulidade do artigo 47.1.c) e f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:*

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

SEGUNDO. *Suspender ao amparo do artigo 108 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a execución do acto administrativo impugnado, dado que a mesma podería causar prexuízos de difícil reparación, acreditados (Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020, transcrito na parte expositiva do presente acordo).*

TERCEIRO. *Como consecuencia do apartado anterior, adoptar/establecer como medida cautelar, a suspensión da execución do aval bancario polo importe de 153.402,33 euros, en base aos mesmos motivos que xustifican a suspensión do acto administrativo impugnado (polos prexuízos de difícil reparación acreditados- Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020)...(...)*”

Ante novos acontecementos, non existentes á data de aprobación do acordo transcrito, entre outros, o Consello de Ministros acordou o 6 de outubro do presente ano solicitar do Congreso dos Deputados a apreciación de que a actual pandemia supón unha situación de emerxencia que se axusta ó artigo 135,4 da CE e o artigo 11.3 da LO de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira e suspender os acordos do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020.

Visto o pronunciamento do Congreso dos Deputados de 20 de outubro do presente ano na mesma liña e vista a consulta realizada desde este concello e que se anexa ó expediente á Subdirección General de Estudos Financieros de Entidades Locales que conclúe dicindo que ó acordarse a suspensión das regras fiscais que constitúen o fundamento das regras de destino do superávit orzamentario non é necesario destinar o mesmo ós destinos do artigo 32 e a DA6 da LOEPSF, podendo así destinar as entidades locais dos seus RTGG co fin de colaborar na reconstrución económica e social sen que sexa necesaria aprobación de ningunha norma posterior.

Resultando que ABANCA S.A require do Concello o cumprimento do pagamento do aval bancario satisfeito por esa entidade ó Arcebispado de Santiago de Compostela mais os intereses derivados na demora do pago do mesmo. Considerando que o devengo de intereses en contra do Concello en relación a esta entidade supón un prexuízo que se pode evitar mediante ó pagamento da



mesma e a súa reclamación posterior.

Visto que a día de hoxe o Concello de Cee ten a posibilidade de conseguir financiación para o pagamento do aval, sen prexuízo das accións posteriores que se realicen para o seu regreso nas vías correspondente.

De aí que a necesidade de conceder un suplemento de crédito dentro do orzamento deste Concello para 2020, xustifícase na imposibilidade do Concello de Cee de facer fronte a obrigas económicas derivadas do expediente de revisión de oficio do convenio urbanístico citado e tendo en conta, asemade, que o orzamento do exercicio 2020 non contén créditos dispoñibles suficientes na vinculación xurídica para facer fronte a estes gastos. A maior abundamento o devandito gasto non pode demorarse a exercicios posteriores, xa que ten a súa xustificación en se trata de gastos cuxa execución debe iniciarse improrrogablemente no presente exercicio para evitar os gastos de intereses que a falla de pagamento conlevaría.

Consecuencia do anteriormente exposto, na sesión plenaria de data 13 de novembro de 2020, adoptouse, o seguinte ACORDO:

"PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3/2020 para facer fronte á execución do aval bancario a favor do Arzobispado de Santiago de Compostela consecuencia do Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en estado actualmente de revisión de oficio.

SEGUNDO.- As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
920/226.04	153.402,33€
011/3100	6.072,18+532,65
TOTAL	159.474,51€

TERCEIRO.- Esta modificación presupostaria está condicionado a que o Pleno da Corporación proceda ao alzamento da suspensión da execución do aval bancario, acordada no Pleno de data 29 de maio de 2020. (...)"

Visto que obra a publicación no BOP de data 11 de decembro de 2020, Nº 212 da aprobación definitiva do Suplemento de Crédito Nº 3/2020.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Alzar a medida cautelar de suspensión da execución do aval bancario (acordada na sesión plenaria de data 30 de setembro de 2020) polo importe de 153.402,33 euros, concertado no seu día, a favor do Arcebispo de Santiago de Compostela consecuencia do Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arcebispo de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en estado actualmente de revisión de oficio, debido a aprobación definitiva do Suplemento de Crédito Nº 3/2020.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, coa indicación expresa de que o acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo municipal PSOE e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela."

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa di que xa se explicou a proposta na comisión. Pregunta si hai algunha intervención?

Sr Vigo contesta que por aburrimiento non.

Non se producen mais intervencións.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	-	-	-
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	3	3	2	1

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

- 4. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº 2020/C004/000008: CONTRATACIÓN ARMONIZADA, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE CEE.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 14 de decembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº 2020/C004/000008: CONTRATACIÓN ARMONIZADA, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE CEE.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN REGULACIÓN ARMONIZADA, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE CEE

EXPEDIENTE Nº 2020/C004/000008.

Visto o expediente tramitado ao efectos, e entre outra documentación: Memoria Xustificativa, Estudo Económico, Retención de Crédito, Informe Xurídico e Informe de fiscalización.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, regulación armonizada, cos Informes que no mesmo constan.

SEGUNDO: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, que an de rexer a presente contratación e a súa licitación por procedemento aberto.

TERCEIRO: Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

PRESIDENTA: Alcaldesa do Concello ou membro deste en que delegue.

VOGAIS: D. Ramón Vigo Sambade

(VOGAIS SUPLENTEs correlativamente D. Juan Ramón Hermida Fandiño e D. César Fernando Pérez Martínez).

O Arquitecto ou Arquitecto Técnico ou técnico que proceda en función da materia obxecto de contrato.

Asesor Técnico: D. Manuel Ángel Jove Losada (Funcionario). Director de área de Economía, Facenda e Réximen Interior (Concello da Coruña)

A Secretaria do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa.

A Interventora do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa

SECRETARIO: Don Jesús Roget Salgado ou funcionario en quen delegue

CUARTO: Aprobar a apertura da licitación para adxudicación do contrato mediante a publicación do pertinente anuncio a través da Plataforma de contratación do sector público, así como a publicación do presente acordo coa composición da mesa, o acordo plenario sobre xustificación da necesidade da contratación, a memoria xustificativa e os pregos pola que ha de rexerse, quedando condicionada a execución do contrato á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio seguinte.

QUINTO: Publicar ademais a licitación no Diario Oficial da Unión Europea, ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



votos a favor dos grupos municipais PSOE e Grupo Mixto, 2 votos en contra do grupo municipal PP e 3 abstencións dos grupos municipais IXCee e BNG.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela."

INTERVENCIONS

Sra alcaldesa: xa foi debatido o asunto en catro comisións, hai que ter en conta que é unha contratación por catro anos mais un, estamos en situación de prórroga, o prego anterior da lugar a moitos problemas e interpretacións do mesmo, é necesario a aprobación destes pregos.

Sr Domínguez García: eu pedin na comisión, ven de pedirme o apoio no punto primeiro, e pedinlle unha semana mais porque se poden mellorar eses pregos, a pesar de haber correccións seguen tendo fallos, por exemplo, unha frecuencia para os envases lixeiros de cinco veces a semana para, eso é unha barbaridade cando sobra un día a semana, nunca están cheos os contenedores, segundo por poñer un exemplo, dedícome tamén o resto dos grupos, o prego ten que ir orientado para reciclar o mellor posible, reducir a bolsa negra o máximo en unha partida que no presupuesto é a mais grande 720.000 euros, é onde podemos aforrar tranquilamente 100.000 euros, cando estudiábase o borrador dos presupostos o problema deste Concello é a falta de ingresos, e si aumentamos os gastos, o tema dos salarios que se reflexan aquí fáltalle a seguridade social, o peón de noite, 20.321 o ano dividido por 14 pagas son 1451 menos o 30% de seguridade social, serían 1016 e o peón de noite cobre bastante mais, o prego ten que ser para esixir a empresa que garanta unha boa labor de reciclado, insisto non teño interese ningún temos que ter uns bos pregos para obrigar a empresa a facelo ben por iso nos imos vota ren contra é un prexuízo para o concello, estes pregos ten moitísima capacidade de mellora.

Sra alcaldesa: van catro comisións.

Sr Domínguez García: como si son vinte.

Sra alcaldesa: no solo 4 comisiones se cogieron todas las propuestas de IxCee y Bng y las suyas todas menos las que al incluírlas en lo pliegos eran susceptibles de impugnación, en cuanto a lo que dice del peón, lo que se pone es lo que viene cobrando el trabajador porque se subrogan en las mismas condiciones.

Sr Villar: na paxina 5 do PPT frecuencia semanal de recogida 1.

Sr Domínguez García: temos pregos distintos entón.

Sr Villar: teño os mesmos.

Sr Domínguez García: no, frecuencia 5 veces semanais.

Sr Villar: eu teño unha

Sr Domínguez García: bueno bueno

Sr Villar: como van ser cinco si sabe que con unha chega de sobra, é unha , comentou dúas cousas e acabou decindo que había amplísimas.

Sr Domínguez García: ten capacidade de mellora amplísima

Sr Villar: solo dixo dúas cousas,

Sr Domínguez García: non acabei de ler, xa dixen que cunha semana mais tiña mais cousas

Sra Villar: temos moitas comisións e si seguimos así

Sr Domínguez García: eu non estou de acordo, mellorando o prego, melloramos o aforro

Sr Villar: di Vde tamén lle mandou o estudo económico a unha empresa particular

Sr Domínguez García: quen

Sr Villar: Vde.

Sr Domínguez García: faríalle algunha consulta como o tema dos soldos, que está incorrecto totalmente.

Sr Villar: como vai estar incorrecto si no lo envía a empresa cunha declaración responsable

Sr Domínguez García: pero cobra 1006 euros?

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr Villar: e algúns 900, a min a empresa manda eses salarios, cunha declaración responsable e temos que poñer eso, que facemos?

Sr Domínguez García: o peón de día cobra 800 euros?

Sra alcaldesa: discutir unos datos que son de obligado cumprimento conforme indica la empresa porque tienen que subrogarse en las mismas condiciones, así no vamos a ninguna parte, hay que poner los datos como nos indica la empresa, podemos estar durante un año pidiendo comisiones pero es lo mismo, no podemos estar debatiendo una cosa que no es posible hacerla

Sr Vigo: me sorprende que diga que se fixeron catri comisións como si foran tan duras....que o diga Vde que foi a concelleira que tivo as intervencións e plenos mais longos de participación que houbo no salón de plenos de Cee, catro comisións, cinco, seis ou dúas depende as que fagan falta para chegar a acordos en temas importantes e este é un tema importante, por outra banda, independentemente do que acaba de manifestar o voceiro do PP teño outra cuestión é verdade o que decía o outro día na comisión o Sr Villar que foi quen levou este tema que se habían incluíndo mais menos as propostas dos grupos políticos do concello en parte ten razón pero tamén é verdade que na última comisión se nos cola de rondón nesa proposta un candidato a participar na mesa de contratación desa xestión de servizo, a un técnico do concello da coruña cando a única que había enriba da mesa ainda que non fora no día e hora indicada viña do PP era un técnico da consellería de medio ambiente, cando se nos presenta un técnico con nome e apelidos e esto xustifica que votemos en contra dos pregos.

Sra alcaldesa: mire Sr Vigo el funcionario que está designado, de la Xunta que en este momento está prestando servicios en el Concello de la Coruña, nivel 30 de la Xunta, en cuanto a su intervención de la legislatura pasada, cuando venía a las comisiones por recordar alguna la piscina, traje un borrador de pliego que se hicieron modificaciones en el pleno nos manifestamos en cuanto al voto y nos corresponsabilizamos para llegar al pleno y aprobar y no retrasar como en esta legislatura que cada uno es libre pero hay distintas formas de actuar, yo cuando iba a una comisión mi colaboración siempre la tuvo tratando de buscar soluciones y manifestandome claramente respecto al voto, aqui se introdujeron los cambios y la disculpa es el técnico, además puede haber dos técnicos, si el problema son los técnicos podemos poner dos el que proponga el Sr Dominguez y este, si el problema es el técnico

Sr Vigo: o problema non é quen o propoña simplemente manifesto o que se tratou nas comisións precedentes.... a proposta que había que non era do noso grupo por eso a defendo con toda neutralidade do mundo, un técnico da consellería correspondente da Xunta de Galicia, sin nome e apelidos, o tema é que a nos despois desas 4 comisións na última nos aparece un técnico con nome e apelidos que non poño en dubida a súa capacidade nin cualificación, simplemente que non me parece procedente que se faga como se fixo, se pudo facer doutra forma, vamos propoñer que se xa un técnico da coruña por esto e por esto, pois non, aparece na proposta un técnico con nome e apelidos e levamos unha sorpresa nesa comisión,

Sra alcaldesa: usted sabe que cuando designamos la mesa, el técnico especialista tiene que ser con nombre y apellidos como cuando usted nombró el de la piscina, el motivo del voto en contra es el técnico? es un funcionario A1, nivel 30, si usted quiere votar en contra, vote en contra, es evidente que hai otros intereses pero voten en contra y ya está pero no ponga la disculpa porque usted nombró el que quixo y ningun concejal puso objección.

Sr Vigo: Vde non está dicindo a verdade, nunca se nomeou con nome e apelidos, nomeouse un funcionario dunha tipoloxía determinada, para esa contratación e para outras, non so na miña etapa tamén en outras, Vde está falando de intereses, levamos escoitando o dos intereses dende fai moito tempo, fai meses escoitabamos de outros intereses, fagamos as cousas como temos que facelas e o final non haberá ninguén quen fale de intereses porque os pregos é verdade que se poden mellorar ou non, poden ter carencias ou non, é verdade que se trataron e en xeral o Sr Villar fixo un traballo e foi recollendo as propostas dende a oposición pero é verdade que a proposta que aparece no último plantexamento na última comisión non se corresponde co que se falou na previa, porque non se falou para nada dese técnico.



Sr Villar: o único que lle quero decir o Sr Vigo que dicir porque unha persoa que vai aí vai a votar en contra me parece unha autentica estupidez porque o que importa éo contido dos pregos, si está de acordo cos pregos e por unha persoa que vai que o final alguén a coñece? non sei cal é o problema, é valida? si, é un técnico especialista en iso e inda ven a facer un favor porque podía dicir que vaya outro, me parece un argumento que nin entra nos pregos en si e cando o viu tamén puido dicir: oye Sr Villar quien es esta persoa?, todo o que me propuxo na comisión o incluíu e agora que lle parece esto estraño, é unha cousa que se me escapa porque non ten relevancia ningunha dentro dos pregos.

Sr Vigo: dicir que non ten relevancia quen evalua é como dicir que non o ten o que evaluou os exames da súa carreira, que terían unha relevancia para avaliar, reitero que non poño en dúbida a capacidade profesional dese señor que descoñezo, pero me parece estraño o nomeamento de nome e apelidos, e cando a proposta do PP era un técnico relacionado coa materia funcionario da xunta de galicia, esa era a proposta inicial, eso é o único que digo, non poño en dúbida que o poda facer ben ou mal ou regular eso motiva o ter un prego cun evaluador importante, nos non vamos evaluarlos porque non é a nosa cualificación pero a persoa que valore de forma cualificada os pregos é esta figura, sexa esta ou outra, é o técnico que valore a capacidade da empresas que licitan.

Sra alcaldesa: es obligatorio nombrar nominalmente la persona que forma parte de la mesa de contratacion y le pregunto a quien quiere usted?

Sr Vigo: solicite a la xunta, a la consellería correspondiente que le nombre un técnico para participar en la mesa de contratación si lo hace así va a contar con el voto a favor.

Sr Domínguez Louro: como xa anunciei na comisión correspondente vamos abstermos para non entorpecer o proceso nos saben que non cremos nas privatizacións e ademais estes debates que estamos tendo poden ser enriquecedores se non fosen privatizacións contra as que hai que pelexar para volver o que tíñamos antes que baixo a nosa opinión é moito mellor mentras non nos demostren que as privatizacións saen mais baratas non vamos participar, de todos modos recolléronse cousas que dixemos e agradecemos, saia o que saia que sexa o mellor para o concello e para as arcas de Cee.

Sr Hermida: reitero que o noso vota tamén vai ser abstención non queremos entorpecer este proceso.

Sr Domínguez García: nos non queremos entorpecer nada, si non tuveramos interés non houberamos mirado nin a primeira comisión e aprobar como viña e o que mais puntos ia levar era o mais caro, os pregos non hai por onde collelos e respecto o técnico dun ayuntamiento da coruña que nin está en sogama, e cando vai a outro concello buscar pregos pasa como na piscina, perdemos 92000 euros pasamos de cobrar 12000 a pagar 80000 os precedentes dos pregos do PSOE xa os conocemos.

Sra alcaldesa: la piscina, le guste o no le guste funciona perfectamente.

Sr Domínguez García: pagando 80000 euros o ano

Sra alcaldesa: respéteme en la palabra, el funcionamiento de la piscina es intachable, impecable aunque dependa del resultado de la cuenta de explotación, si no fuese por esos pliegos a día de hoy no estaba abierta porque no se presentaría ninguna empresa, solamente para terminar Sr Vigo echo de menos que en la comisión no manifestara lo de hoy y se pronunció con una abstención y no votase en contra, lo que está claro sinceramente a lo mejor es que después de la comisión a las empresas especializadas que preguntan no le gusta el técnico, este gobierno es imparcial y quiere lo mejor para el pueblo de Cee, hai diferentes formas de gobernar.

Sr Vigo: por alusiones, no venga usted ahora a enmendar la plana diciendo lo que no tiene sentido, cada uno en la comisión, en el pleno dice lo que considera oportuno, nuestro grupo ha participado en estas comisiones y de hecho el Sr Villar reconoce que hai aportaciones de IxCee por lo tanto aqui hai dos grupos que se manifiestan en contra y dos que se abstienen con lo cual a los unicos que le satisface el pliego que presenta es al grupo socialista, es un problema que tienen que resolver.

Sra alcaldesa: mire este asunto es de suma transcendencia, dar solución a este problema al igual que en su día el pliego de la piscina, recuerdo esas comisiones y los votos de las comisiones coincidieron



con el pleno. En la última comisión Bng y Ciudadanos se abstuvieron y Pp votó en contra como ahora en el pleno, el sentido del voto habría que respetarlo por responsabilidad.

Sr Vigo: por responsabilidad nosotros tomamos una decisión pensada, meditada una vez recibido el shock de tener una propuesta que no habíamos recibido hasta la anterior comisión, como quedamos shockados y una vez recuperada la normalidad analizamos la situación y nos dimos cuenta que no podíamos mantener la abstención y nuestro voto tenía que ser en contra le guste o no y la solución la tiene en su mano, comunicarse con la xunta de Galicia, consellería correspondiente que le envíen un técnico relacionado con la materia y cuando tenga eso el voto de IxCee será favorable, lo tiene muy fácil y a usted cuando le interesa resuelve pronto, el lunes está en Santiago en la consellería porque sé como se mueve, a fume de carozo.

Sra alcaldesa: de ahí la rapidez en resolver problemas que dejó usted, vamos a dejarlo ahí, choca su estado de shock cuando desde la convocatoria a la comisión hay unos días.

VOTACIONES

Sométese á votación o Ditame e non resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	-	-	-
CONTRA	-	3	3	-	-
ABSTENCIONES	-	-	-	2	1

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

- Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: Nº 946/2020 do 20 de novembro á Nº 1034/2020 de 11 de decembro.**

Quedan enterados/as.

- Presentación da Memoria e proposta de suxestións para a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións conforme o artigo 12 do P.E.S.**

Quedan enterados/as.

- Dar conta da execución do orzamento 3º Trimestre 2020.**

Quedan enterados/as.

- Dar conta do envío o Estado do coste efectivo dos servizos municipais 2019.**

Quedan enterados/as.

- Rogos e preguntas.**

Sr Domínguez García: bueno simplemente felicitar a Sra alcaldesa polo seu 50 cumpleaños.....

Sra alcaldesa: non escoitamos nada.



Sr Domínguez García: felicitei a alcaldesa polo 50 cumpleaños e desexarlle felices navidades a toda corporación incluídos os técnicos, interventora e secretaria.

Sr Vigo: eu por ser o ultimo pleno do ano, felicitar extensivamente a toda corporación o persoal e Concello de cee e no vindeiro ano estamos en anos complexos e difíciles esperamos que melloren e nos sexamos capaces de contribuír a esa melloría de calidade de vida dos cidadans de Cee.

Sr Domínguez Louro: vou ser mais extenso que eles dous inda que sexa o ultimo pleno, teño varias preguntas, pendente dunha reunión cos alcaldes co presidente da xunta quería saber si contestaron ou non, polo tema xeal, ferroatlántica que fai unhas semanas arrancaron o forno 14 pero foi unha operación clara para relaxar a presión que se lle estaba a facer e para gastar o pouco material que tiñan en estok, creo que debemos lembrar a responsabilidade das corporacións da costa da morte, e os alcaldes e alcaldesas neste asunto e xa que hai neste caso alcalde Dumbría que non o vexo nin fai declaracións o respecto, fíxose esa petición ? en que estado está? si a podemos ver na próxima semana, remato este tema que dende o Bng non vamos felicitar a xeal por dar míseros vales de 5 euros, parécenos incluso unha tomadura de pelo, esta comarca non necesita esmolos, necesita traballo, e xeal que veu acabar ca empresa e costa a morte hai que facer a presión posible, si non temos esa contestación hai que pedir axuda a xente do Pp, Sr Domínguez e demais portavoces da costa da morte, é moi grave para cee o que está pasando e para costa da morte.

Sra alcaldesa: non teño resposta, por parte do Sr conde chamoume unha vez para dicir que nos ía convocar en breve pero non tiven mais resposta, a pequeno tampouco recibiu resposta eu si mantiven varias reunións con pequeno para tratar os temas de xeal, incluso na reunión que mantivemos os alcaldes da costa da morte cos representantes de xeal a parte de ser eu unha das mais duras, asegúrolle que pequeno foi moi duro tamén. Respecto os vales vou darlle traslado a concelleira de servizos sociais.

Sr Domínguez Louro: non lle pregunto polos vales, si quer contestar que conteste

Sra Trillo: unha apreciación, dende logo que estamos a favor dos traballadores pero tamén da xente que ven aqui todos os días a pedir axuda que nos facemos todo o que podemos, porque foi o dos vales? non foi vale de 5 euros, foi por unidades familiares, tivemos os vales anteriores e crearon problemas agora pedimos para xoguetes para os nenos, non hai cola de xente que se ofrezca de axudas que se den, dende aqui facemos o que podemos pero estamos intentado axudar a xente mais desfavorecida, o que din dun misero vale de 5 euros non é certo se da por unidade familiar dependendo dos ingresos e podo asegurar que entre caritas, cruz roja e nos solventamos moitos problemas si lle parece malo o sinto pero a veces encontras os problemas e intentamos face iso.

Sr Domínguez Louro: Sra Trillo a min non me parece mal que se axude a xente, faltaría mais, todo o contrario, me parece que é o primeiro que debemos facer e estou seguro que os anteriores gobernos que eu discrepei e antes tamén seguro que fixeron ese traballo con mais ou menos acerto, non discuto eso, discuto e non retiro ningunha das palabras e que xeal con esa operación de propaganda o único que tende a facer é sustentar o que fan pouco a pouco como un traballo de formigas, dismantelar a costa da morte, si mantivera e cumprira coas obras seguramente esa xente que recorre o concello, caritas, cruz roja, non desaparecería, pero diminuíría por eso falo de esmolos, non poño en tela de dúbida o seu traballo, a cuestión é que xeal veu a dismantelar a costa da morte e o Bng non vai ser cómplice diso, creo con todo respecto o concello de cee non debería admitir ningunha relación dese tipo con eles.

Sra Trillo: eso entendo pero o que di de que si a empresa fixera o que ten que facer diminuíría non é certo, dende que estou aqui que aprendín moito.....non vou coller os vales e non chos vou dar, esta semana unha avoa con dous nenos di que necesita para coller algo para navidade e que lle digo, non tiñamos maneira de solventar rapidamente as cousas e si nos dan non son para min senón para persoas que lle fan falta, sinto, esa é a miña opinión eu estou cos traballadores, meu avo morreu na fabrica, meu pai traballou na fabrica e teño familia pero non vou tirar ca xente que necesita, con estes vales algunha nai me dixo que comprou uns tenis para o neno, sinto, pero aquí ninguén se ofrece nin



ven axudar, moitos dos que critican non me refiro a partidos, persoas particulares e aquí non ven ninguén a ofrecerse, por iso o agradecín a título persoal como concelleira, nada mais.

Sr Domínguez Louro: repito, estamos nun debate que non quería crear, que non estaba culpando o goberno, a súa opinión ten ese punto de demagogia que non é necesario cando as persoas van o concello hai que axudar e punto, agora ben, xeal con iso quer comprar vontades e a súa intervención sin crítica demostra que compra vontades pero non poño en dúbida que Vde estea cos traballadores o debate e a indignación do Bng pola forma de comportarse desa xente, non estou nada de acordo con Vde cando di que non ía a disminuir, si cumprira claro que se ía a disminuir porque xeal, ferroatlántica, carburos chegaron a ter 400 ou 500 postos de traballo, si cumpriran non facía falta o resto inda que habería casos que teríamos que axudar.

Sra alcaldesa: non hai compra de vontades de este equipo de goberno, sempre y yo en concreto está del lado de los trabajadores, mano a mano con ellos en lo que sea necesario, y en la lucha desde hace años de los puestos de trabajos porque están utilizando nuestro recursos y ahí tenemos una sentencia que refuerza mas si cabe.

Sr Dominguez Louro: é unha compra de vontades de todo o mundo, da sociedade en si, falamos no último pleno dos fangos da edar e que ía requerir a empresa os datos.

Sra alcaldesa: non teño contestación inda.

Sr Domínguez Louro: perfecto para mal.

Sra alcaldesa: fai quince días.

Sr Domínguez Louro: debería ter contestado xa, volva a insistir, en relación a iso si temos previsión de cando a mancomunidade se vai poñer a funcionar de novo si ten algunha comunicación de cando volveremos andar.

Sra alcaldesa: non teño comunicación pero preguntarei o luns.

Sr Domínguez Louro: sabe Vde que non se pode perder o tempo, hai moitas cousas que facer na mancomunidade. Fai uns días presentamos unha petición para que se retransmitan por youtube ou streaming en directo, si vai atender a petición, si está buscando unha solución ou non.

Sra alcaldesa: evidentemente vou tela en conta, se está mirando como facer pero non é sinxelo pola razón coma hoxe que non hai boa conexión, entre bos escoitades pero aquí a imaxe moitas veces queda conxelada, preguntarei os técnicos correspondentes que eu non son especialista

Sr Domínguez Louro: espero que os plenos telemáticos non sexan eternos.

Sra alcaldesa: o considerarei.

Sr Domínguez Louro: a última é sobre a estrada a Touriñan, supoño que saberá que empezaron as obras e dende fai unha semana pararon as obras e a empresa retirou a maquinaria, é certo que estivo traballando para o concello pero a maquinaria non está no sitio e a rumoroloxía empeza a moverse pola zona, si sabe porque se retirou a maquinaria, si é por tempo climatolóxico ou algún problema mais, espero que sexan razóns climatolóxicas.

Sra alcaldesa: teño contactos coa empresa e autoridade portuaria, me chamaron e dixeron que suspendías a obra pola climatoloxía unido a que a empresa colle hoxe vacacións ata despois de navidade pasado reis se reincorporan o traballo, pensaban terminar hoxe incluído todo o traxecto menos pintado pero a situación climatolóxica complicouse e que continuarán coa execución despois das navidades.

Sr Domínguez Louro: dicía que a rumoroloxía anda disparada e sería bo en canto poida o luns interesarse polo asunto si é certo canto menos sospeitoso que movan semellante maquinaria que costa miles de euros movela para volver en breve despois de reis, non vaia a ser que a rumoroloxía teña algo de certo.

Sra alcaldesa: me chamaron da autoridade portuaria, non é que falara ca empresa, o luns póñome en contacto con Eduardo que mo poña por escrito, publico e xa está, ademais teñen un prazo de execución, levan a maquinaria parece ser porque non a poden ter aí durante ese tempo foi o que me dixeron, volvo pedir a Eduardo que mo poña por escrito publicase e xa está, é mais pensaban acabala toda hoxe pero a situación do tempo complicouse e non da tregua.



Exp. 2020/G010/000021

Sr Dominguez Louro: pois si pode facelo fagao para evitar que pase algo, por unha vez sin que sirva de presidente doulle razón o meu tocallo no apelido, felicitacións, que teñamos todos bo ano vindeiro un bo nada e un bo nadal galego.

Sr Hermida: antes de nada, parabens polo seu cumpreanos, so unha pregunta, cal é o motivo de que os aseos do paseo estean pechados o publico porque son varias as demandas da xente que pasea por aí e poder telos abertos inda que sexa durante horario laboral.

Sra alcaldesa: os aseos os están utilizando os da itv que é obrigatorio polo covid, telos abertos, cando estiveron houbo problemas de vandalismo, hai que ter unha persoa vixiante de forma continua no seu coidado e agora polo covid na súa limpeza non podo manter uns baños abertos e ter unha persoa permanente para limpeza e coidado, de todas formas, solicitamos porque estivo unha persoa interesada en coller a concesión do bar, almacén e baños e pedimos autorización a costas para poder sacalo, estamos pendentes de costas.

Sr Hermida: mais nada felicitas as festas a todos e darlle unha patada no cu a este para volver o salón de plenos que é mais enriquecedor que isto. Felices festas

Sra alcaldesa: felices festas a todos inda que algúns nos veremos o martes polas obras do pos, felices festas, bo ano e que veña con moita saúde.

Ás 21:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán